

# **MEDIDAS PARA REAPERTURA DO FARO DE CABO VILÁN ANTE O COVID-19**

## ***MEDIDAS PARA GARANTIR A DISTANCIA DE SEGURIDADE***

- Con carácter xeral, os traballadores manterán a distancia de seguridade de 1,5 metros marcada polo Real Decreto-lei 21/2020, de 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte a crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- En caso de non ser posible manter esta distancia na atención ao público, utilizaranse elementos de protección ou barreiras. Neste sentido, no mostrador de información turística situado na entrada colocárase unha pantalla de separación de metacrilato, de fácil limpeza e desinfección.
- Tamén os traballadores usarán a máscara, tanto entre o traballador e usuarios como entre os propios traballadores, marcado polo Real Decreto-lei 21/2020, de 9 de xuño.
- Organízase a entrada, saída e percorrido dos visitantes no recinto. Neste senso, tal é como se pode ver no plano adxunto, o percorrido realizarase nun só sentido.
- Estableceráanse normas de uso das instalacións.
- Expoñerase ao público a capacidade máxima e o control desta capacidade estará na entrada principal.

## ***MEDIDAS ORGANIZATIVAS***

- O autoservizo de folletos turísticos por parte do visitante será eliminado. Os folletos só os facilitará o persoal do mostrador de información turística e non serán devoltos. Na medida do posible instalaráanse carteis para expoñer a información retirada do autoservizo.
- Non se realizarán enquisas ao visitante por medios manuais, co fin de evitar o uso de material compartido, papel e bolígrafo.
- A pantalla táctil da entrada non será empregada, así como outros equipamentos de uso compartido.

## ***MEDIDAS DE HIXIÉNE E LIMPEZA***

- Contarase con solucións desinfectantes para o uso pola clientela, na entrada e saída do edificio, na entrada e saída da cafetería e nos baños.
- Disporase de papeleiras con tapa, pedal e bolsa substituíble.
- Dotarase ao persoal de material suficiente para a hixiene, limpeza e desinfección.